



## SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES

Expediente: PCO.001.2024.00025

**Prego de prescricións técnicas** para contratar os servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra “*O día de San Martiño*”, de Cristian Fojón Caruncho, gañadora na modalidade LIX, do XVIII Premio “Castelao” de banda deseñada, ano 2023 e para a adquisición de libros.

### OBXECTO.-

O presente prego ten por obxecto a edición, publicación, distribución e explotación da obra “*O día de San Martiño*”, de Cristian Fojón Caruncho, gañadora na modalidade LIX, do XVIII Premio “Castelao” de banda deseñada, ano 2023, en todas as tiradas que se realicen ata a data sinalada no apartado seguinte, así como a adquisición de 125 libros.

### PRESCRICIÓN S TÉCNICAS.-

#### 1.- Cesión de dereitos de edición

**1.1.-** A Deputación cede á editorial en exclusiva, e polo prazo establecido nas bases da convocatoria do premio, que foron publicadas no BOP número 33, do 16 de febreiro de 2023, os dereitos de edición da obra incluídos os de publicación, distribución e explotación que, de acordo co sinalado na base segunda lle corresponden, ata o **10 de febreiro de 2025**.

**1.2.-** A editorial non poderá en ningún caso ou circunstancia:

- a) ceder total ou parcialmente, en forma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través do contrato correspondente, a favor de terceiro ningún, nin baixo modalidade ningunha.
- b) facer agregado, supresión nin modificación ningunha da obra sen o consentimento anterior, expreso e escrito da Deputación e do autor.

#### 2.- Dereitos de explotación da autor

**2.1.-** A contraprestación económica que en concepto de dereitos de explotación lle correspondería ao autor da obra, fíxase no 10% do precio de venda ao público, e calcularase de acordo co seguinte: 10% do PVP por exemplar  $\times$  núm. de exemplares vendidos.

A cantidade resultante enténdese incluída no importe do premio concedido pola Deputación, que ascende á 6.500 €.

**2.2.-** En calquera caso, se o número total das tiradas fose de tal entidade que a cantidade que lle correspondese ao autor superase o importe dos 6.500 € sinalados, a editorial quedaría obrigada a aboarlle o importe que excedese a cifra mencionada, despois da aplicación da porcentaxe correspondente.

#### 3.- Formato, maquetación e xogos de probas

**3.1.-** O formato da edición será en tapa blanda, e non poderá ser utilizado para esta edición o formato de



libro de peto ou electrónico, excepto a autorización expresa do autor.

**3.2.-** A editorial realizará a maquetación, a composición, o deseño, a impresión, a encadernación e os demais traballos que supoña a edición do libro, con criterios de cualidade; para estes efectos, tanto o autor, como a Deputación poderán controlar este proceso en calquera das súas fases.

**3.3.-** Con anterioridade á realización da tirada definitiva, a editorial enviará ao autor os xogos de probas para a corrección do texto.

Despois da corrección do texto, a editorial remitirá á Deputación a maqueta do libro para a súa definitiva aprobación.

Calquera modificación que se fixese no título da obra, deberá contar coa autorización expresa tanto da súa autora, como da Deputación.

#### **4.- Logotipo e inscricións**

Na contraportada dos libros figurará inserido o logotipo da Deputación da Coruña e, na páxina de créditos, figurará a decisión e a composición do xurado do premio.

#### **5.- Tirada mínima**

A tirada mínima dos libros será de 500 exemplares.

Para os efectos da comprobación da tirada a editorial remitirá á Diputación, antes da posta en circulación dos exemplares impresos da obra, unha certificación na que se faga constar o número de exemplares dos que consta a edición, achegada dunha declaración da empresa de artes gráficas que realice a impresión, na que se acredite o número de exemplares que foron imprimidos, así como a data da súa entrega á editorial.

#### **6.- Prezo de venda ao público e ingresos**

A editorial fixará o P.V.P. do libro que, en caso ningún, será superior a 25 €.

Os ingresos que perciba pola venda dos libros corresponderán á editorial, despois de que sexan practicadas ás deducións legais e fiscais que correspondan.

#### **7.- Distribución**

A editorial realizará a distribución da obra a nivel nacional e internacional.

A obra será incluída na colección literaria da editorial.

#### **8.- Adquisición de libros**

A Deputación adquirirá 125 exemplares, da primeira impresión, que serán entregados na Sección de Educación e Cultura da Deputación, por el precio máximo de 3.125,00 € (25 € x125 ejemplares)

#### **9.- Prazo de vixencia e de realización da edición**

A primeira impresión da obra deberá ser posta á venda no prazo máximo de **seis meses** contados desde a data da adxudicación do contrato.

O prazo de vixencia da cesión de dereitos será ata o **10 de febreiro de 2025**, e afectará á totalidade dos exemplares que sexan editados ata a data sinalada, dende a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñan.

A partir da data de vixencia sinalada a totalidade dos dereitos sobre a obra serán da propiedade exclusiva do seu autor, polo que calquera nova edición ou tirada que sexa realizada quedará fóra do contrato que a



editorial que resulte a súa adxudicataria asine coa Deputación.

### **9.- Presentación da obra**

A Deputación conserva o dereito a facer a presentación do libro no lugar que por ela se determine; neste caso, os gastos de presentación correrían por conta da Deputación.

Só no caso de que a Deputación desistise expresamente da organización do acto de presentación, podería organizalo directamente a editorial que resulte a adxudicataria do contrato, que correría cos gastos de presentación.

### **10.- Orzamento**

O orzamento máximo autorizado é de 3.125,00 €, IVE incluído, correspondente ao subministro de 125 exemplares.

O importe sinalado pode imputarse á aplicación 0612/3341/22609 do orzamento vixente.

### **11.- Forma de pago**

O importe do contrato aboarase nun único prazo despois da entrega dos 125 exemplares da publicación e presentación de factura.

A Coruña, 14 xuño 2024.  
A xefa do Servizo  
Manuela Muñiz Souto  
(*asinado dixitalmente*)